



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA
DEZASEIS DE OUTUBRO DE 2025 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente

Tenentes de Alcalde:

D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA

D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria

D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezaseis de outubro de dous mil vinte e cinco baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/09/2025)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaioito de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de don Manuel Martínez Canicoba. (Expediente número 2025/U026/000062)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Martínez Canicoba para limpeza de tellado, de 120 m² en planta, e substitución de canlóns.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50700425, emprazada en Argunte, 27 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de especial protección agrícola (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta euros (#60,00#).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



2.2.- Instancia núm. 202599900001023 de D. Miguel Estévez Campos (Expediente número 2025/U052/000004)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que con data do 21-12-2023 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Marzán de Abaixo, 7 - Vedra, referencia catastral da parcela 2264506NH4326N, (licenza número 2022/U022/000030), nos termos do proxecto achegado e asinado polos técnicos Juan José Esturao Pena, Ana Irisarri Vázquez en calidade de arquitectos, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (expte.: 2025/U052/000004) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros.

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.3.- Instancia núm. 202599900001053 de UFD Distribución Electricidad S.A.U. (Expediente número 2025/U022/000021)

Dáse conta da citada instancia na que dona Annie Daniela Cruz Malpica, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A.U, solicita licenza para obras de novo tramo de liña de baixa tensión subterránea con inicio en RBTA existente e finalización da CPM do solicitante, cunha lonxitude de 27 metros en Matelo 21 - Sales (San Xián) (expediente núm.: 2025/U022/000021), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por enxeñeiro técnico industrial COETICOR 2233, cun orzamento provisional de 1.206,68 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 29/09/2025.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Comunicación de obra de dona María Dolores López Fernández. (Expediente número 2025/U026/000005)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovido por dona María Dolores López Fernández para rehabilitación de edificación consistente en cambio da cuberta, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jesús Morales Rodríguez en calidade de arquitecto e de data 11/10/2025.

Dáse conta das seguintes autorizacións sectoriais:

-DH.W15.107970 de Augas de Galicia que conclúe que a documentación cumpre.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



-Da Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías e Obras, Expediente: 2025000037994 en sentido favorable e con condicións.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001600300NH43D, emprazada en Ponte, 1 – Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados, así como ao contido das autorizacións outorgadas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de seiscientos catro euros con sesenta dous céntimos (#604,62#)

2.5.- Comunicación de obra de don Martín Cao Fontela. (Expediente número 2025/U026/000064)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovido por don Martín Cao Fontela para rampla de acceso a finca colocando tubos de 40 mm, e cemento, de aproximadamente 10 metros de largo e ao mesmo nivel coa vía pública.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50520681, emprazada en Gatente - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Comunicación Previa de obra para actividade. (Expediente número 2025/U027/000001)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra para actividade, promovido por don Enrique Neira Picón, para legalización edificación (de 18 m²) para prensado e maceración de semente de camelia nos termos da documentación técnica achegada asinada por Camilo Neira Picón e de data 22/09/2025.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A50600799, emprazada en Sarandón - Sarandón (San Miguel).

A Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, así como do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

Rematadas as obras de acondicionamento deberá achegarse comunicación previa de actividade, xunto coas autorizacións sectoriais que sexan pertinentes.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento vinte e seis euros con sesenta céntimos (#126,60#).

3º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de setembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
770	01/09/2025	Requirimento de retirada de ramas que invaden vía pública en Nande – San Fins de Sales
771	01/09/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Medioambiental Amabul e orde de pagamento segundo convenio
772	01/09/2025	Aprobación redución de xornada de traballadora municipal por conciliación de vida laboral e familiar
773	01/09/2025	Aprobación prórroga contrato persoal do Programa PEL Deputación 2025 durante un mes
774	01/09/2025	Designación Vogal 4º na Mesa de Contratación do Proxecto de Melloras de eficiencia enerxética na Biblioteca/Ludoteca e na EIM (gardería), financiadas con cargo ao programa adicional ao Plan de Cooperación Local
775	02/09/2025	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico
776	02/09/2025	Establecendo servizos mínimos durante a folga do servizo de axuda no fogar prevista para o mes de setembro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



777	02/09/2025	Expediente de limpeza de parcela en A Torre – San Xián de Sales
778	02/09/2025	Incoando expediente de xestión de biomasa de parcelas en Laraño – San Xián de Sales
779	03/09/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de setembro
780	03/09/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de setembro
781	03/09/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de construción de vivenda en Romarís –San Xián de Sales (Expediente 2025/U022/0000019)
782	03/09/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 13 da Avda. M. M. Gómez Lorenzo -Vedra
783	04/09/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 13 de Viño grande –San Andrés de Illobre
784	05/09/2025	Expediente de limpeza de parcela en Gundían –Ponte Ulla
785	08/09/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade dependencia, correspondente ao mes de agosto
786	08/09/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar (SAF), modalidade libre concorrência, correspondente ao mes de agosto
787	08/09/2025	Aprobación listaxe provisional e definitiva persoas admitidas/excluídas proceso de selección para a contratación de 1 operario/a de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios
788	08/09/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, asistencia por días soltos vacacións lúdicas - ludoverán, correspondente aos meses de xullo e agosto
789	08/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
790	09/09/2025	Aprobación e orde de pagamento das indemnizacións ao persoal externo vinculadas á participación na comisión avaliadora das solicitudes de ingreso na EIM, curso 2025/2026
791	09/09/2025	Aprobación e orde de pagamento das indemnizacións ao persoal externo vinculadas á participación no proceso selectivo de 1 monitor/a de tempo libre para o servizo do Programa Conxuga
792	09/09/2025	Incoando expediente de xestión de biomasa en parcela sita en Romarís – San Xián de Sales
793	09/09/2025	Aprobación liquidación taxa a F. Gómez y Cía, S.L pola formalización do contrato da obra de Mellora de camiño no Burgo, Santa Eulalia de Vedra (Plan Camiña Rural 2025/2026) (Ordenanza fiscal nº 6 –BOP nº 21/24, do 29 de xaneiro)
794	09/09/2025	Aprobación liquidación taxa a F. Gómez y Cía, S.L pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde da obra Mellora de camiño no Burgo, Santa Eulalia de Vedra (Plan Camiña Rural 2025/2026) (Ordenanza fiscal nº 26 –BOP nº 21/24, do 29 de xaneiro)
795	09/09/2025	Expediente de limpeza de finca en A Torre – San Xián de Sales
796	09/09/2025	Aprobación liquidación taxas informe urbanístico de parcela
797	09/09/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de construción de peche en Xián – San Andrés de Trobe (Expediente 2025/U026/0000059)
798	09/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



799	09/09/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Coworking, correspondente ao mes de agosto
800	09/09/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de construción de peche en Torre de Arriba – Santa Cruz de Ribadulla (Expediente 2025/U025/0000054)
801	09/09/2025	Aprobación e orde de pagamento das indemnizacións ao persoal externo vinculadas á participación na Mesa de Contratación da obra de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PSTD Terras de Santiago).
802	10/09/2025	Aprobación canon da auga do 2º cuadrimestre de 2025
803	10/09/2025	Aprobación modificación de créditos 13/2025 por xeración vinculada á subvención concedida para a promoción do uso da lingua galega
804	10/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de ADP
805	10/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade madrugadores e ludoteca, curso 2025/2026 a ASP
806	10/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2025/2026 a TMO
807	10/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade madrugadores e ludoteca, curso 2025/2026 a BMO
808	10/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
809	11/09/2025	Denegando ampliación de prazo para a presentación de méritos no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de auxiliares administrativos para o servizo de xestión tributaria
810	11/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
811	11/09/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de rehabilitación estancias interiores de vivenda unifamiliar en Paradela –San Xán de Sales (Expediente 2025/U026/0000060)
812	11/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
813	11/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2025/2026 a HCI e MMI
814	11/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de YSR
815	11/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de MDI
816	11/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de ADP
817	11/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de ADP
818	11/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de EGR
819	11/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de RCM
820	11/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade madrugadores, curso 2025/2026 a AAL
821	11/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2025/2026 a AVP
822	11/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade madrugadores e ludoteca, curso 2025/2026 a AEP
823	12/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
824	12/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



825	12/09/2025	Cambio de xornada na EIM, curso 2025/2026 a LLC
826	12/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2025/2026 a MSM
827	12/09/2025	Concesión praza vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2025/2026 a MRM
828	12/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de JCF
829	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga do inmobile núm. 2 de Picón –San Pedro de Vilanova (Casa dos Peóns)
830	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da piscina municipal sita en Fornelos – Vedra
831	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 10 de Afós – Santa Cruz de Ribadulla
832	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 2 de Fontes –San Andrés de Illobre
833	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 12 de Calzande –San Xíán de Sales
834	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda en Fornelos – Vedra
835	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 26 de Cibrán –San Xíán de Sales
836	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 15 de Picón –San Pedro de Vilanova
837	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 4 de Picón –San Pedro de Vilanova
838	12/09/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.36 por importe de 187.825,20 euros
839	12/09/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 32 de Viño grande –San Andrés de Illobre
840	15/09/2025	Alta no SAF, modalidade libre concorrência, de CARM
841	15/09/2025	Solicitude subvención gratuidade asistencia educativa e matrícula alumnado e financiamento da EIM, curso 2025/2026
842	15/09/2025	Designación membros da Comisión Avaliadora das solicitudes de axudas ao estudo do Concello de Vedra, curso 2025/2026, de acordo coa base 10 das reguladoras da convocatoria
843	16/09/2025	Aprobación certificación núm. 2 da obra de Reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla (PST Terras de Santiago) e factura correspondente da adxudicataria Alcomte Galicia, S.L, por importe de 29.499,97 euros
844	16/09/2025	Cambio de frecuencia de asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de ADP
845	16/09/2025	Cambio de xornada na EIM, curso escolar 2025/2026, de AAP
846	17/09/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de pavimentación do



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		entorno da adega en Chaos nº 3 – San Mamede de Ribadulla (Expediente 2025/U026/0000063)
847	17/09/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de limpeza de tellado e substitución de canos de recollida de auga en Argunte – San Mamede de Ribadulla (Expediente 2025/U026/0000062)
848	17/09/2025	Delegación no 2º Tenente de Alcalde, don Enrique Vázquez Martínez, para a celebración de matrimonio civil a celebrar o 18.09.2025
849	17/09/2025	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico de parcela
850	17/09/2025	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico de parcela
851	17/09/2025	Denegando reparto das taxas do Programa Conxuga, curso 2025/2026, modalidade madrugadores mes de setembro e requirimento de abono de RCM
852	17/09/2025	Recoñecemento trienios persoal municipal con efectos do 01.09.2025
853	18/09/2025	Aprobación bolsa de auxiliares logo de rematado o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de auxiliares administrativos para o servizo de xestión tributaria
854	18/09/2025	Concesión tarxeta de armas para pistola de aire a R-C. D.C
855	18/09/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Cultural Papaventos e orde de pagamento segundo convenio
856	19/09/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento (concepto non orzamentario 40100) incluídos na relación de facturas F.2025.38 por importe de 6.403,15 euros
857	19/09/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.37 por importe de 135.560,37 euros
858	19/09/2025	Aprobación expediente de modificación de créditos 14/2025 na modalidade de xeración de créditos vinculada aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o 2025
859	23/09/2025	Aprobación das nóminas correspondentes ao mes de setembro
860	23/09/2025	Ordenando contratación de Marcos Aldrey Illobre como operador de maquinaria e vehículos municipais e servizos varios para os servizos de obras públicas, conservación de espazos públicos e brigada verde, do 01/10/2025 -31/12/2025, logo de rematado o corresponde proceso de selección.
861	23/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
862	23/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
863	23/09/2025	Aprobación listaxe provisional das axudas concedidas ao estudo do Concello de Vedra, curso escolar 2025/2026
864	23/09/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.39 por importe de 7.004,86 euros
865	24/09/2025	Adxudicación contrato de Melloras eficiencia enerxética na Biblioteca/Ludoteca e EIM (gardería) (Lotes 1 e 2) a INSTAIGLESIAS, S.L, financiada con cargo ao Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local 2025 (100%) destinado aos concellos de menos de 15.000 habitantes (Expediente 2025/C003/000004).
866	24/09/2025	Aprobación conta xustificativa e toma de razón en contabilidade da subvención para a dotación de novidades editoriais en galego



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		en formato físico publicada no DOG núm. 8 do 14.01.2025 (Orde do 16.12.2024) (CT235A) Expediente: 2025/A008/000007
867	24/09/2025	Aprobación conta xustificativa e toma de razón en contabilidade da subvencións para a mellora de coleccións publicada no DOG núm. 8 do 14.01.2025 (Orde do 16.12.2024) (CT235A) Expediente: 2025/A008/000007
868	24/09/2025	Nomeando a dona Cecilia Martínez Saavedra funcionaria interina (bolsa de auxiliares para o servizo de xestión tributaria)
869	24/09/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
870	24/09/2025	Ampliación do servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrencia, a LLF
871	24/09/2025	Aprobando a prórroga de contrato de traballo a José Carlos Zas Villaverde ata o 08.10.2025 para desfrute de vacacións e días de permiso
872	25/09/2025	Alta no SAF, libre concorrencia, de MAMF
873	25/09/2025	Alta no SAF, libre concorrencia, de RPM

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.